

ÁREA : CIENCIAS NATURAIS

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

ESTÁNDARES	MÍNIMOS ESIXIBLES
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA	
▪ CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	Busca a información para expoñela de forma oral ou escrita con orde e limpeza.
▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Realiza as actividades de forma máis autónoma cada vez .
▪ CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Fai actividades tanto de forma individual coma en pequenos grupos.
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE	
▪ CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Recoñece semellanzas e diferenzas entre as persoas.
▪ CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.	Coñece as partes principais do seu corpo.
▪ CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	É capaz de expresar diferentes emocións e sentimentos.
▪ CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.	Valora a importancia dunha boa alimentación para ter unha vida máis sana.
▪ CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.	Da importancia ó exercicio físico, a boa hixiene e o descanso para ter unha boa saúde.
▪ CNB2.3.1. Analiza os seus costumes na alimentación diaria e aplica o menú semanal de merendas na escola.	Recoñece que a merenda é un costume saudable.
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS	
▪ CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.	Recoñece as diferenzas máis importantes entre plantas e animais.
▪ CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.	Coñece as características principais das plantas e animais do seu contorno.
▪ CNB3.1.3. A mosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Respecta aos seres vivos .
▪ CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunicaos empregando diferentes soportes.	Observa aos seres vivos e despois comparte os resultados desa observación .
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA	
▪ CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	Aplica a norma dos 3 R na súa vida diaria.
▪ CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	Usa a auga sen malgastala .
▪ CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.	Recoñece as características principais dos obxectos cotiáns.
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS	
▪ CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	Identifica as profesións no seu contorno sen asocialas a ningún sexo.
▪ CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	Coñece e usa aparellos e máquinas sinxelas no ámbito familiar.
▪ CNB5.2.1. Identifica e nomea correctamente as partes dun ordenador cando traballa con el.	Recoñece as partes dun ordenador: pantalla, rato, teclado e torre .
▪ CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	Utiliza o ordenador de forma guiada en tarefas sinxelas.